

OBXECTIVOS

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe e a identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os *@Martes*, que terán lugar os primeiros martes de cada mes, teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e legislativas derivadas da Administración electrónica.

PERSOAS DESTINATARIAS

As actividades están dirixidas ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais, así como a profesionais e persoas interesadas en xeral. No caso das empregadas e empregados públicos priorizarase a inscrición daqueles solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida na actividade que solicitan.

LUGAR DE DESENVOLVEMENTO

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
R/ Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información:

981 546 239 / 981 546 241
novas.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>

Matricula:

<https://egap.xunta.gal>



UNIVERSO EGAP INNOVA



@Martes

FORMACIÓN
PRÁCTICA
DIXITAL
2019

- > 01 OUTUBRO:
O REXISTRO ELECTRÓNICO NA XUNTA DE GALICIA.
- > 05 NOVEMBRO:
USO DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS NA XUNTA DE GALICIA.
- > 03 DECEMBRO:
SISTEMAS PARA A CONTRATACIÓN PÚBLICA.

PROGRAMA DAS SESIÓNS

Os *@Martes* do derradeiro trimestre de 2019 tratarán os seguintes temas:

> 01 OUTUBRO:

0 REXISTRO ELECTRÓNICO NA XUNTA DE GALICIA.

Sistema Único de Rexistro da Xunta de Galicia (SUREX): sistema de Recepción electrónica (Roxel) e Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR). Sede electrónica da Xunta de Galicia.

Horario: 11:00 h. a 14:00 h. e 16:00 a 19.00 h.

> 05 NOVEMBRO:

USO DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS NA XUNTA DE GALICIA.

Certificados electrónicos e sinatura electrónica dende unha dobre perspectiva:

- Cidadanía: Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Proxecto Chave 365. Sala electrónica de sinaturas.
- Uso interno nas AAPP: certificados de emprego público, certificados de selo electrónico para actuacións administrativas automatizadas, Portasinaturas corporativo.

Horario: 11:00 h. a 14:00 h. e 16:00 a 19.00 h.

> 03 DECEMBRO:

SISTEMAS PARA A CONTRATACIÓN PÚBLICA.

Portal Contratos de Galicia.

Licitación electrónica SILEX.

Xestión de expedientes de contratación PLATION.

Horario: 11:00 h. a 14:00 h. e 16:00 a 19.00 h.



OUTRAS ACCIÓNS PROGRAMADAS


COMUNIDADES DE PRÁCTICAS

Obradoiros grupais onde intercambiar experiencias de innovación e aprender xuntos/as.



PÍLULAS FORMATIVAS

Mini video-tutoriais sobre administración electrónica para consultar onde queiras!



NOTA:

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola (<https://egap.xunta.gal/>).